



# Falamus!

Voceiro do Equipo de Dinamización da Língua Galega  
do Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol

Nº 8  
Xuño 2016



Xan Viaño

INTERCENTROS MELÓMANO

ENTREVISTA A: TERESA SÁNCHEZ DE TOCA

# DÍA DA PAZ

QUÉ FOI DE... ?

Biblioteca José Fontenla Leal



# Falamus!

---

Chegamos de novo a un intenso final de curso e toca facer un repaso de tantas e tantas cousas que aconteceron este ano.

Van rematar os seus estudos unha nova promoción de estudantes deste Centro, e coma sempre desexamos que o seu paso por aquí fora para eles igual de produtivo que para tódol@s seus profes, para nós a responsabilidade na educación dos nosos alumnos é moi grande.

Esta semana son as audicións de 6º de curso e de seguro que imos pasar un rato moi emocionante vendo e escoitando estes futuros artistas.

Unha das novidades importantes deste curso foi a incorporación do noso Centro ao sistema de Calidade que a Consellería quere implantar en toda a rede de Conservatorios. Tivemos unha auditoría interna que fixeron inspectores de educación e outra externa feita por AE-NOR. Esperamos ter unha avaliación positiva nas dúas.

Tamén renovamos o convenio de colaboración co Concello de Ferrol, polo que este ano de novo podemos escoitar recitais de profesores e solistas convidados a facer os cursos de especialización musical para os nosos alumn@s.

Dende aquí coma sempre dar as grazas a tódolos profes, alumn@s, e persoal de servizos que traballan neste centro por a súa entrega e colaboración para que toda a comunidade educativa o sinta coma propio.

Dende a directiva estamos a traballar e axudar do mellor xeito posible para que este centro sexa atractivo aos rapaces e rapazas da comarca e que sintan ilusión e ganas de iniciarse na música con nós.

**O director, Francisco San Ramón Calvo.**

---

**Falamus!:** Avda do Mar 4-6, Esquina con Telleiras , Caranza-FERROL

**Teléfono:** 981 333 317- 618 619 001

**Web:** <http://centros.edu.xunta.es/cmusxanviano>

**Mail:** [cmus.xanviano@edu.xunta.es](mailto:cmus.xanviano@edu.xunta.es)

**Edita:** CMUS Xan Viaño de Ferrol

**Maquetación:** Pablo Gómez Costas (alumno do Ciclo superior de Deseño e Producción Editorial do IES Leixa)

**Agradecementos:** Graciñas a todos os que de un xeito ou outro fixestes posible a edición desta revista.

Moitísimas gracias ao Ciclo superior de Deseño e Producción Editorial do IES Leixa, en concreto a María Salas, por colaborar na realización desta edición de Falamus.

*Falamus non se fai responsábel das opinións dos colaboradores.*

# SUMARIO



**XAN VIAÑO: 25 ANIVERSARIO**

**7**

**DÍA DA PAZ**

**9**

VI Música pola paz  
Nébolo

**BIBLIOTECA JOSÉ FONTENLA FEAL**

**14**

**CONCERTOS DIDÁCTICOS**

**17**

O carnaval dos animais  
Musicreques



## PREMIADOS XAN VIAÑO

19

Intercentros melómano  
V concurso Bandas Sonoras  
Concurso de solistas  
A SAF (Sociedade Artística Ferrolá)  
Certamen musical do Eixo Atlántico

## ENTREVISTAMOS A

26

Enrique Agrelo  
Teresa Sánchez de Toca

## QUÉ FOI DE... ?

31

Isabel Cupeiro  
Sergio Sande  
Simón Pazos



# Xan Viaño

**25 ANIVERSARIO  
1960-1991**

**7 DE ABRIL DE 2016 AUDITORIO  
JOSE ARRIOLA DO CMUS XAN VIAÑO**

## PROGRAMA

16:30

- Susana Polo Viaño fálanos do seu tío.
- Ermitas García achéganos á música contemporánea con obras de Pierre Boulez interpretadas por Genaro Fernández.

19:30

“XAN VIAÑO MAIS ALÓ DAS VANGARDAS” Lucinio Medel.

- Susana Polo Viaño, Piano (estrea).  
Estudio nº2 ..... Xan Viaño
- Simón García, contrabaixo (estrea).  
Solo para violoncello (trancipción para contrabaixo) ..... Xan Viaño
- Victoria Álvarez, soprano/Susana Polo Viaño, piano.  
Canción 1 do Cementerio Marino ..... Xan Viaño
- Coro “Concerto Tempo”. Jose Antonio García Mato, director.  
Estudo para coro nº 5 do “Chorstudien” ..... Hermann Regner  
Vinea Mea Electa ..... Xan Viaño  
Ubi Caritas ..... Ola Gjeilo  
Witness ..... Arr: Jack Halloran

Ao final do acto descubrirase o cadro que José Norberto Polo donou ao conservatorio, no hall do mesmo.



CMUS “XAN VIAÑO” AVDA. DO MAR, 2-4 • 15406 • FERROL

# HOMENAXEAMOS AO MÚSICO FERROLÁN QUE LLE DÁ NOME AO NOSO CENTRO

Así foi o día 7 de Abril de 2016 no auditorio José Arriola do CMUS Xan Viaño. Hai que dicir que durante toda a semana e gracias á colaboración dos profesores de Linguaxe musical, os nenos do centro escoitaron a obra de Xan Viaño “Nubes blancas”, e fixeron uns debuxos que foron colgados no hall do conservatorio.

As 16.30 do día 7 de Abril Susana Polo Viaño, sobriña do compositor, contounos como era o seu tío dende os ollos de nena que ela era. E despois, Ermitas García coa axuda de Genaro Fernández, ofreceron un concerto didáctico no que os nenos de linguaxe musical puideron achegarse un pouco á música contemporánea.

As 19.30 Lucinio Medel presentounos o seu traballo sobre o homenaxeado “ Xan Viaño mais aló das vangardas”, e puídemos deste xeito coñecer e achegarnos algo mais á música deste compositor. Lucinio tamén nos deixa unha pequena mostra da súa investigación neste número da revista Falamus, moitas grazas!!

Despois da intervención de Medel, e gracias á inmensa axuda de Susana Polo Viaño, puídemos ver a uns músicos maravillosos i escoitar catro obras

do compositor e dúas delas estreas. As obras interpretadas foron as seguintes, engadimos tamén o programa enteiro do coro Concerto Tempo:

- Estudio nº2- Susana Polo Viaño, Piano (estrea).
- Solo para violoncello (trancipción para contrabaixo)- Simón García, contrabaixo (estrea).
- Canción 1 do Cementerio Marino- Victoria Álvarez, soprano. Susana Polo Viaño, piano.
- Coro “Concerto Tempo”. Jose Antonio García Mato, director.

Estudo para coro nº 5 do “Chorstudien” .....  
..... Hermann Regner  
Vinea Mea Electa.....Xan Viaño  
Ubi Caritas.....Ola Gjeilo  
Witness .....Arr: Jack Halloran

Ao acto asistiu Suso Basterrechea, concelleiro de cultura, ao que lle estamos inmensamente agradecidos, e tamén gracias a José Polo pola doazón dese cadro que se ve tan bonito no hall do centro.

**Moitísimas grazas a todos os participantes por facer posible este día inesquecible.**

# XAN VIAÑO

Por Lucinio Medel

Compositor, director de coros, profesor de música e investigador, sempre xirando ao redor da música... así era Xan ou Xoán Viaño, unha prometadora figura que nos deixou en 1990 na cidade de Vigo, cando a súa carreira musical comezaba a dar os seus froitos, e sen darnos a oportunidade de amosar plenamente todo o potencial creador que levaba dentro.

Nado en Ferrol en 1961, Viaño foi unha persona sempre interesada no mundo do Arte. Así o reflicten os cadros que se conservan na súa casa materna e a súa asiduidade a diferentes actos musicais, entre eles os organizados no seu instituto ou na Sociedade Filhamónica Ferrolá.

Rematados os seus estudos de bacharelato, decide marchar a Santiago a estudar Xeografía e Historia, conseguindo a licenciatura en 1982 na sección de Historia do Arte Moderno e Contemporáneo. Será clave no devir de Xan dita cidade, xa que marcará dun xeito realmente profundo ao novo compositor ferrolá.

Na Universidade estase a formar o Coro Universitario baixo a dirección de Maximino Zumalave, un proxecto ambicioso do que Xan formará parte, primeiro como corista e máis tarde, como mostra do seu talento musical, como director do mesmo. Zumalave, que tamén está a ser o seu mestre de piano decátase do potencial de Viaño, propoñendo a este como o seu substituto ao fronte do conxunto coral. O seu talento non se pode agochar.

Zumalave comeza a darlle partituras e o anima a compoñer. Xan atopa en Maximino un mestre, amigo e impulsor da súa carreira compositiva a gran escala. Será el quen lle corrixa e estree Nubens e Le nuit froide et sombre.

O seus gustos compositivos abranguen dende a Idade Media ata os movementos máis vangardistas do século

XX. Gran seguidor de compositores como Schoenberg, Berio ou Ligeti, recibe clases de figuras internacionais coma Tomás Marco, Cristóbal Halffter, Josep Solé ou Donatoni. Viaxa por toda a xeografía ibérica facendo cursos en Granada, Cuenca, Portugal, e saíndo ao estranxeiro para recibir clases en Bayreuth. Serán todas esas vivencias as que plasme nas súas partituras e bosquexos. Nun catálogo que abrangue, entre outras, dende a música vocal - Vinea mea electa, Le cimetière marin, instrumental para piano - Visións serias, ou cello, grandes obras orquestrais - Habiammo fattoun bagno, Nubens e para coro e orquestra en Le nuit froide et sombre. O seu temperá pasamento fai

que teña un gran número de partituras inconclusas.

Preséntase a oposición de profesor de música en 1987, e gaña a súa praza de funcionario sendo o seu destino Vigo, cidade na que tristemente morre.

Déixanos un digno legado aínda por descubrir e por volver a escoitar, sendo unha labor de todos, principalmente do conservatorio que leva o seu nome, que non esmorezan nun catálogo ou sexan un mero apunte a pé de páxina.





# O QUE ACONTECEU NO DÍA DA PAZ

## VI MÚSICA POLA PAZ

Un ano máis o CMUS Xan Viaño celebrou o Día da Paz por todo o alto. E fíxoo do mellor xeito posible, coa maravillosa música dos nosos alumnos. O centro estaba fermosísimo, vestido coas súas mellores galas: centos de pombas mensaxeiras de desexos de paz, colocadas unha a unha polo noso ANPA cubrían o auditorio e invitaban ao público a gozar da música e da poesía sempre presente. Quixemos un ano máis, facer un chamamento a solidariedade, habilitando na entrada do auditorio un espazo para recoller víveres non perecedoiros para a Cocina Económica de Ferrol, asociación sen ánimo de lucro que alimenta diariamente a moitas familias sen recursos da comarca de Ferrol. Neste “VI Música pola Paz” celebrado a tarde do luns 25 e xoves 28 de xaneiro, puidemos escoitar música de piano, guitarra, arpa, trompeta, trompa, violín, cello, frauta, viola,

destacando tamén a especial participación do Grupo de Educación Auditiva 2, a colectiva de violín “Soldadiños da Paz”, o Coro do Xan Viaño, e o TMM Plus, estes últimos fieles á cita de Música pola Paz por sexto ano consecutivo. Puidemos tamén gozar dun intenso momento poético no que se recitaron versos de La cruzada de los niños de Bertolt Brecht.

O xoves tamén tivo lugar a entrega de premios do II Concurso de Debuxos e Contos Música para a Paz, no que cabe destacar a calidade dos traballos presentados polos nosos alumnos. Os gañadores deste ano foron:

**1º Premio Debuxo:** María Lejuan Terán Muíño

**2º Premio Debuxo:** Nora López González

**3º Premio Debuxo:** Isabel López Frieiro

**Mención especial Debuxo:** Lucas Marino Lanza

**1º Premio Contos:** Marta Fernández Feijoo

**2º Premio Contos:** Nacho Cebreiro Regueiro



1er premio de debuxo: María de Juan Terán Muíño

Dende Dinamización da Convivencia, queremos agradecer e felicitar aos alumnos e profesores que participaron nesta semana de VI Música pola Paz, a todos aqueles que acudiron ao auditorio e fixeron a súa aportación para a Cocina Económica de Ferrol, e como non, ao noso ANPA pola súa boa disposición e importantísima axuda na organización destas xornadas de paz, patrocinando os trofeos do Concurso de Contos e Debuxos e decorando o conservatorio dun xeito tan fermoso

Nébolo era un demachiño pequeno, pequeno, tan pequeno que, cando naceu, non era máis grande ca un gran de millo. Os seus pais foron Almadán e Sermina, os reis de Novademacha (un poboado de trasnos formados por nubes) situado naquel momento xusto enriba da Península Ibérica. O pequeno demachiño foi medrando sen novidade, observando dende as alturas un lugar fermosísimo, que ningún demachiño se atrevera aínda a pisar. Todos os habitantes do reino no que vivía eran malvados, e pretendían invadir o mundo que se atopaba ós seus pés, atacando aos humanos para poder establecerse en terra firme e baixar das nubes. Pero Nébolo era distinto, pois el realmente apreciaba a beleza do mundo, e de ningunha maneira estaba disposto a acabar cos seus habitantes. Un día, os reis informaron á poboación de que o ataque á Terra estaba previsto para xusto un mes despois, e que para entón, todos e todas deberían estar preparados para atacar. O pequeno

# NÉBOLO

1º Premio de contos: Marta Fernández Feijoo

demachiño non puido aguantar máis e, unha noite, sen que ninguén o vise, lanzouse dende unha nube co firme propósito de avisar aos humanos do inminente ataque dos seus compatriotas. Caeu xusto enriba dunha bonita flor vermella, que nunca vira, e contemplouna, pasmado. Todo estaba moi escuro, así que decidiu que durmiría alí aquela noite, pois ao día seguinte debía atopar a alguén para contarlle os plans dos outros demachiños. Cando amenceu, Nébolo esperezouse lentamente e ergueuse, observando por primeira vez dende que chegara alí, todo o que o rodeaba. Descubriu que estaba ao lado dun xigantísimo bloque de pedra do que entraban e saían numerosos xigantes, que eran totalmente diferentes os uns dos outros: algúns eran grandes e gordos, outros eran pequenos e delgados, uns tiñan o pelo castaño, outros rubio, e incluso os había que o tiñan vermello. Pero non había ningún que o tivese verde, coma el. Decatouse tamén de que todo era tan grande e inmenso, que se sentiu aínda menos ca unha mota de pó. O pequeno demachiño quixo chorar, pero de súpeto, escoitou algo tan sumamente bonito... Algo que nunca antes escoitara, e que lle pareceu tan fermoso, que seguiu o son sen nin sequera pensalo, coma se estivese hipnotizado. Entrou dentro do edificio, esquivando con coidado os inmensos pés dos xigantes, e, guiado pola doce melodía, chegou ata unha gran porta. Tentou abrila empurrando, pero descubriu que era tan pesada, que dubidou que aquelas grandes criaturas que o rodeaban puideran abrila. En silencio, agardou a que un dos xigantes empurrara a porta para pasar, e colouse detrás del. O que había dentro era algo espectacular para o demachiño: unha xigante fermosa e pequena (máis pequena que o resto, pero moi grande para Nébolo), sopraba con infinita tenrura dentro dun tubo prateado e brillante, producindo o son que viñera buscando. Para escoitalo mellor, o trasno trepou con coidado a un enorme prato dourado que estaba enriba dunha mesa, e quedou máis de dúas horas escoitando á rapaza tocar. De súpeto outro xigante entrou pola porta e, mentres dicía algo que el non logrou entender, colleu o prato no que estaba sentado o demachiño e lovouno con el. Nébolo asustouse, e querendo saír do prato, pisou a man do rapaz, que, alarmado, mirou ao lugar exacto

onde se atopaba o anano. O humano abriu moito os seus ollos azuis, e, cun rápido xesto, capturou ao trasno dentro da súa man. Asustado, o anano comezou a patalexar dentro do puño do rapaz, producindo apenas un lixeiro cosquilleo neste. Cando Nébolo, cansado, deixou de espernear, tamén o rapaz afroxou un pouco a man e, nun susurro, díxolle:

- Que clase de criatura es ti?

- Eu son Nébolo, e son un demachiño - berrou o trasno, aínda atrapado - E ti? Quen es? Es un humano?

- Si, son, e chámome Manu.

- Encantado, Manu, pero serías tan amable de soltarme, por favor? Teño que informar á humanidade de algo importante!- respondeu o demachiño, mentres se revolvía.

- Si, si, si... E agora sóltame que aínda vou afogar!

O xigante abriu lentamente a man, e contemplou ao demachiño con sumo interese. Pero, cando outro humano apareceu polo corredor, Manu pechou a man de novo e entrou por unha porta. Unha vez dentro, depositou ao demachiño enriba da mesa e comentou:

- Mira, María, que atopei aí fora!.

A rapaza que antes tocaba aquela preciosa melodía, volveuse cara Nébolo, e, cunha exclamación de sorpresa, achegouse para velo mellor.

- Vaia! - dixo, e o anano decatouse de que levaba lentes - Que é isto? Pode falar?

- Oes! Isto ten un nome é chámase Nébolo!

- Non o podo crer.

- Logo dunha hora respondendo preguntas, o demachiño contoulles para que viñera ao seu mundo, e os rapaces, sen motivo algún, escacharon a rir.

- E dis que un grupo de ananos coma ti vai invadir a Terra? - preguntou Manu, entre gargalladas.

- Sí- respondeu o demachiño, totalmente serio

- E como pretendedes acabar con nós?- a María xa lle choraban os ollos coa risa.

- Credes que o sei?? Tal vez sexa algo coma unha alerxia que vos deixe sumidos nun profuuundo, profundo letargo...Ou quizais vos sorprendan cun ataque mais do estilo tormenta desatada, porque, se vos lembrades, somos os amos das nubes - explicou Nébolo, farto das risas dos xigantes.

Todo iso? Poden facer todo iso os teus amigos??- Preguntou Manu, que se

súpeto xa non ría tanto.

- Que si poden?- agora era o trasno o que ría escandalosamente.

Os dous xigantes intercambiaron unha mirada alarmada.

- Se iso é certo, que podemos facer nós?- preguntou María, que por fin parara de rir.

- En realidade, nada, so tratar de dialogar cos demachiños, e creme, o único que van aceptar a cambio de volver á nube é que vos vaiades do mundo...

- Que!?!?- estoupou Manu, que estaba tan colorado como os ollos vermellos do trasno- E ti non nos vas a axudar a espantalos nin nada parecido???

- Quizais saiba algunha cousa máis...-susurrou o anano, enigmático- Pero antes de contárvolo quero que me ensines a facer o que ti fas- dixo Nébolo, sinalando a María.

- Que é o que fago?- a rapaza xigante estaba completamente perdida.

- Soprar por ese tubo tan brillante, e facer ese son tan bonito que hipnotiza...

- Iso está feito!- dixo María- pero teríamos que atopar unha fruta do teu tamaño...

Manu, sen unha palabra, saíu da habitación, e, tras baixar correndo as escaleiras, colleu disimuladamente unha fruta de xoguete dunha exposición do hall de entrada. Ninguén se decatou, e o rapaz subiu de novo as escaleiras, logo, con coidado, entregoulle a fruta a Nébolo, que a contemplou marabillado durante uns segundos. Logo comezou a falar:

- Na miña nube coméntase dende xa fai anos que vós, os humanos, tiñades un alto índice de contaminación atmosférica, e, por iso, os reis (o demachiño gardou para el o detalle de que eran os seus pais, para non buscar problemas) pretendían elaborar unha pócema que, non só faría da atmosfera un lugar irrespirable, senón que sería inmune ás vosas depuradoras de aire. Así que xa sabedes, ide fuxindo de aquí ou, en menos de un mes, xa non quedará nada que levar.

Os rapaces interrogaron a Nébolo a fondo sobre este tema, pero o único que conseguiron sonsacarlle foi que tamén corría o rumor de que os humanos xa tiñan un antídoto para frear a pócema, cousa que era imposible, pois os terrestres nin sequera estaban informados do ataque. María e Manu decidiron que non contarían nada a ninguén, pois aferrábanse á posibilidade de que todo fose unha broma pesada do trasno. Así que, ensináronlle, como pactaran, a tocar a fruta, e pronto o seu son foi tan irresistiblemente bonito, que costaba moito deixar de escoitalo. Días despois, o trasno foise do Conservatorio, e dirixiuse cara Madrid, o lugar onde (según dicían os telediarios e xornais) se producira un moi esaxerado aumento da taxa de contaminación. Tanto era así, que a capital hispana estaba sendo desaloxada, e as prantas comezaban a marchitar, pois a espesa nubosidade apenas deixaba pasar a luz do Sol. O que viu ao chegar alí deixouno mudo de horror, e tivo que



pechar os ollos e serenarse para poder continuar camiñando cara onde cría que se atopaban os seus compatriotas demachiños. Non tardou en atoparse rodeado completamente de néboa, e rapidamente divisou a un grupo de ananos que removían o líquido dun caldeiro enorme, mentres Alfix, o mago de Novademacha, susurraba unhas palabras en linguaxe arcana. Alí estaban, arrasando o planeta Terra, tal como prometeran facer. Nébolo sabía que esta era a Fin do Mundo, e sentiu unhas ganas irrefreables de compartir coa natureza unha das súas cancións. Subiu ao alto dun rañaceo e, dende aló arriba, comezou a transmitir a través da frauta todos e cada un dos sentimentos que afloraban nel. Pasou toda a noite tocando e, ao amencer, observou con sorpresa como case toda a néboa desaparecera, e como os ananos, furiosos, trataban de refacer o feitizo que se esfumara misteriosamente durante o día.

- Así mellor, non si?

- Unha voz feminina e alegre sacou ao pequeno trasno dos seus pensamentos, meténdolle un susto que quitaría o salouco a un elefante. Volveuse cara a súa acompañante e observouna, pasmado. Recoñeceuna, como non a ía recoñecer? Aquela era Basea, a rapaza que estudaba xunto a el na escola do pobo de nubes, e da que era moi amigo.

- Basea! Que fas ti aquí?!?- preguntou o demachiño, entre asustado e alegre.

- Escoitei o voso son! O son das vosas frutas!!!- a demachiña sinalou aos dous rapaces humanos que se distinguían na ventá do edificio de enfrente.

Non podía ser, todo tiña que ser un soño... Aqueles dous sorrintes xigantes que os observaban non eran outros que... Manu e María! Xuntos poíderan acabar coa contaminación! Salvaran o planeta! A felicidade que experimentou Nébolo naqueles intres é difícil de describir, e tamén o é a furia dos demachiños que volveron, coa cabeza gacha, á paz da súa nube. Máis tarde, cando xa estaban máis calmados, os rapaces explicáronlle ao trasno que ese era o apartamento da súa tía Maruxa, e que decidiran tomar unhas “vacacións” alí, coincidindo “casualmente” con el e co foco da contaminación, e que ao ver como desaparecían as nubes ao facer música, decidiron acompañalo tamén coas súas frutas, para contrarrestar o ataque dos outros ananos.

Máis adiante, Nébolo casou con Basea, que agora tocaba o clarinete, e os dous, xunto cos seus amigos humanos, frearon todos os outros ataques de contaminación dos demachiños. Estas disputas entre trasnos e músicos foron pasando cara a descendencia de María e Manu, e tamén cara a de Nébolo e Basea. Pouco a pouco, os ananos das nubes foron gañando terreo coa contaminación, así que todos os músicos do planeta deberon unir as súas forzas contra eles, pero hoxe en día, a contaminación está moi desenvolvida, e cada vez hai menos esperanzas de que os clarinetistas, fagotistas, frautistas, saxofonistas, oboístas, trompetistas, trompistas, trombonistas, tubistas e incluso percusionistas (demachiños ou humanos) poidan gañar esta pelexa.

Cres que podemos virar as tornas? Cres que podemos frear a contaminación trásnica actual? Eu penso que si. Usa a música como medio de expresión, e verás como todas as nubes se apartan do teu camiño. E sobre todo, non deixes nunca de facelo, porque temos que estar máis unidos que nunca... Corre o rumor de que os demachiños atacarán mañá!! Eu vou tocar, e ti?

# BIBLIOTECA

## JOSÉ FONTENLA LEAL

### GRANDES PEQUENAS NOVIDADES

Desde a biblioteca queremos contarvos en qué estivemos entretidos ao longo deste curso, ¿qué vos parece?.

Ao principio do curso, en outubro - coincidindo co mes das bibliotecas escolares- e dentro do noso plan de “formación de usuarios”, fixemos visitas guiadas para todos os alumnos que entraron en 1º de Grao Elemental.

As visitas teñen como obxectivos: saber localizar os diferentes fondos (audiovisuais, publicacións periódicas, obras para consulta, libros e partituras), interpretar as señalizaciones e signaturas de cada especialidade, coñecer os diferentes servizos da biblioteca e recibir o carné de usuario -con código de barras incorporado-.



Grupo de 1º D de Linguaxe Musical cos seus novos carnés de usuarios

Tiveron tan boa acollida por parte do alumnado que ao final en xaneiro fixémoslas tamén -de forma excepcional-para os alumnos de 2º de Grao Elemental.

Aproveitamos para dar as grazas ao Departamento de Linguaxe Musical que apoiou a proposta da biblioteca regalándonos parte do seu prezado tempo e a un pequeno gran grupo de profesores de biblioteca (Cristian Silva, Manuel Tízón, Begoña Álvarez, María Fraile e Pablo Salgueiro) que colaboraron a facer as visitas guiadas.

En canto ao espazo houbo pequenos cambios tanto na biblioteca física como na virtual (blog):



Catálogo de revistas dispoñible na mesa do/a profesor/a encargado/a

#### a) Na biblioteca física:

- Deseñamos unha guía para os usuarios da biblioteca que podedes atopar nun expositor na mesa do profesor encargado.- xa se poden consultar nun



*Triptico informativo*

catálogo as revistas que temos na biblioteca. As revistas atopádelas ordeadas alfabeticamente nos revisteiros e nos andeis sinalizados.

- Fíxose unha reestructuración dos andeis para optimizalos e á vez prever na medida do posible futuras necesidades de espazo.

- Cambiáronse as etiquetas de sinalización das diferentes materias: plastificámolas para que duren máis e poder cambialas de sitio se é preciso sen que se deterioren, engadimos as abreviaturas das diferentes materias, asignamos cores ás materias e aproveitamos para facer o tamaño da letra un pouco máis grande.

## b) No blog da biblioteca

(<http://bibliotecajosefontenlaleal.blogspot.com.es/>):

- Incorporamos un contador de visitas. Como dato vos contamos que desde o comezo do curso hasta marzo houbo máis de 4700 visitas.

- Actualizamos as nosas páxinas recomendadas.

- Na columna da dereita incorporamos información de interese para que poidades consultala e mesmo baixárola: horario da biblioteca, guía de usuario e impreso para solicitar a consulta dos fondos "M" que son os fondos en depósito (manuscritos, libros antigos e outros exemplares valiosos).

Lembrade que podedes participar no blog comentando as entradas e mesmo consultar todos os fondos da biblioteca na icona "Rede de Bibliotecas de Galicia".



*Pasillo de piano*

No eido da **catalogación** este curso incorporamos tres pequenas novidades:

1. Unha pegatina redonda vermella na cuberta e na garda interior dos fondos. Así saberemos dun xeito rápido e doado que o fondo ten material anexo –normalmente Cds- e a súa cantidade.

2. Un pequeno papel (10 x 8 cm) tamén na garda ca identificación da nosa biblioteca. Ten espazo para que o/a profesor/a encargado/a anote o número de carné do usuario que fai o empréstimo e a súa data de devolución.





Exemplo de CD anexo e recordatorio da data de devolución do fondo

3. Un código de barras na contraportada do fondo co seu número de rexistro. Seguiremos a poñelo a lápis na garda interior (\*R) xunto ca súa signatura.

O programa xerador de códigos asigna a cada rexistro un código de barras e son eses códigos os que gravamos durante a catalogación no programa de xestión da biblioteca (MEIGA). Permite ao/a profesor/a encargado/a empregar o lector de código de barras en lugar de teclear os números do rexistro en cada empréstimo.



O que se consegue é:

- ter outro elemento de control a través do número de rexistro no caso do deterioro da etiqueta do lomo ou dos datos interiores a lápis.
- maior durabilidade do control pois protexemos a pegatina con fixo.

- reducir posibles erros ao introducir o número de rexistro manualmente.



Exemplo de código de barras de un rexistro

A día de hoxe, a nosa biblioteca ten uns **5560** fondos así que levaranos tempo pero mellorará a xestión dos fondos.

Mención especial ao **“Fondo Xan Viaño”** pois este curso rematamos a súa dixitalización. O curso que ven comezaremos a fase II: catalogación física e na “Rede de Bibliotecas de Galicia”. Para este traballo contaremos coa axuda de Susana Polo e Lucinio Medel

E para rematar, lembraros que podeades facer suxerencias de todo tipo que nos axuden a mellorar a través do noso correo:

[bibliotecajosefontenlaleal@gmail.com](mailto:bibliotecajosefontenlaleal@gmail.com)

(non esquezades poñer no asunto “suxerencias”). Estaremos encantados de recibilas e seguir a traballar na mellora da nosa biblioteca.

**Águeda Gutiérrez**  
Coordinadora de biblioteca



# CONCERTOS DIDÁCTICOS DO XAN VIAÑO



## O CARNAVAL DOS ANIMAIS

Os concertos didácticos para escolares son xa unha actividade cotiá para o Conservatorio Xan Viaño. O pasado 22 de Abril foi o turno do Entroido dos Animais, obra de Camille Saint-Saens, interpretada por profesores e alumnas no Teatro Jofre de Ferrol. Ao longo de dúas sesións matinais foron moitos os rapaces e rapazas que puideron disfrutar desta simpática obra e escoitar os diferentes instrumentos, ademáis de botar algunha que outra risa mentras vían, por exemplo, como un gran elefante rosa lle facía ascos á comida que lle

ofrecían os músicos, ou mentres asistían atónitos ao quentamento das pianistas antes de interpretar unhas escalas. Esa mesma tarde foi o turno para as familias, xa que ás 19:30, e gracias á colaboración da Concellería de Educación, que integrou o concerto na programación da Semana da feira do Libro, puidemos escoitar novamente a obra, e volver a rir mentres unha galiña poñía un ovo no mesmo escenario, os leóns bailaban ao son da música, e a tartaruga paseaba lenta, moi lenta, polo patio de butacas.

# MUSICREQUES

## IVÁN E O LOBO GRIS



O pasado 11 de novembro máis de mil escolares do Concello de Ferrol achegáronse ata o Auditorio de Caranza para gozar de dúas sesión de concertos didácticos que o CMUS Xan Viaño ofreceu en colaboración ca Concellería de Educación para fomentar entre os máis cativos a pasión pola música e a lectura.

As sesións didácticas íanse celebrar nun primeiro momento no Teatro Jofre pero debido ao gran número de nenos participantes nesta actividade o Concello trasladou a súa realización a un espazo máis amplo que puidera dar cabida a uns 500 nenos por sesión.

Nesta ocasión as representacións foron da man do grupo “Musicreques” integrado polas profesoras de piano Alma Cendán e Loreto Pérez, que no ano 2012 crearon una Asociación Musical sen ánimo de lucro para difundir a beleza da música clásica entre os estudantes dos centros escolares da provincia de A Coruña. Os espectáculos de “Musicreques” aúnan a música clásica interpretada ao piano a cuatro mans en directo, xunto con distintos contos representados con monicreques de manufatura propia.

Os alumnos dos Ceip: Recimil, Juan de Lángara, Ponzos, Pazos, Manuel Masdías, San Xoán, Cruceiro de Canido, Isaac Peral e Esteiro, tiveron a oportunidade, nestas sesións didácticas, de gozar do conto “Iván e o lobo gris”, no que se mesturan a cultura e a música eslavas. A través dunha selección de historias e personaxes de contos populares eslavos, os rapaciños coñeceron as aventuras de Iván que tiña que atopar ao misterioso ladrón que roubaba as mazás do Rei Otón, mentres gozaron da fermosa música das Danzas Eslavas de A. Dvorak.

Os escolares estiveron moi atentos durante todo o espectáculo e participaron activamente no conto sempre que puideron, axudando deste xeito a atopar o ladrón e derrotar á malvada bruxa Baba Yaga.





# PREMIADOS DO XAN VIAÑO

INTERCENTROS MELÓMANO



**14º**  
**Certamen**  
**Nacional**  
**de Interpretación**  
**Intercentros**  
**Melómano**

Ganador  
Grado Profesional  
**Xosé Antón**  
**Comesaña Pintos**  
Conservatorio Profesional  
de Música de Vigo

 @InterMelomano  
 intermelomano  
[www.fundacionorfeo.com](http://www.fundacionorfeo.com)

**IM** Intercentros  
Melómano

**GIRA DE CONCIERTOS:**

- \_ Orquesta Metropolitana de Madrid en el Auditorio Nacional de Música
- \_ Joven Orquesta Sinfónica "Ciudad de Salamanca"
- \_ Orquesta Sinfónica Joven del Aljarafe
- \_ Joven Orquesta Sinfónica de Granada
- \_ Festival de Segovia
- \_ Festival Internacional de Panticosa "Tocando el Cielo" (Huesca)
- \_ Fórum Internacional de Alto Perfeccionamiento
- \_ Musical del Sur de Europa - FIAPMSE (Nigüelas, Granada)
- \_ Festival Internacional de Música Vila de Xàbia (Alicante)
- \_ Ciclo de ETS de Ingenieros de Telecomunicación Universidad Politécnica de Madrid
- \_ Aeterna Música (Madrid)
- \_ Promúsica Águilas (Murcia)

Gañador nacional. Xosé A. Comesaña, de Vigo

Non podemos començar decindo “Un ano máis, celebrouse o Certamen Intercentros...” Porque non foi un ano máis. Foi a primeira vez que tivemos a oportunidade de organizar no noso centro a final autonómica.

Como moitos saberedes, a traxectoria do alumnado do Xan Viaño neste Certame nacional é moito máis que destacada. Os últimos anos tivemos a satisfacción de ver actuacións fantásticas de Tania Villasuso, clarinete (gañadora da edición X), de Iria Folgado, oboe (finalista nas edicións XI e XII e mención á mellor intérprete de vento madeira) e

de Gabriel Alonso, tenor (finalista na edición XIII).

Así que, gracias ao talento e bon facer dos nosos brillantes alumnos e alumnas, o Conservatorio Xan Viaño se fixo co privilexio de ser a sede da final autonómica da edición XIV.

Abrimos as nosas portas o sábado 28 de novembro para escoitar aos finalistas escollidos entre varios conservatorios galegos para seleccionar ao músico que representaría a Galicia na final nacional o 6 de decembro. E certamente, gozamos dunhas actuacións dun nivel excepcional.



*Os participantes da final autonómica*





*O xurado e os fianlistas da final autonómica*

O noso representante, o pianista Martín Otero Ferreira, fixo unha interpretación realmente detallista e madura dos “8 vales poéticos” de Granados, distinguindo con sutiles articulacións cada un deles e imprimíndolles un carácter diferente cunha coherencia e estilo dignos dun músico profesional.

Escoitamos a varios representantes de Vigo, Lugo e Santiago, e gozamos con obras para violín, piano, saxofón e clarinete.

Mais entre todos e todas, destacou dun xeito extraordinario Xosé Antón Comesaña Pintos, clarinete, alumno do Conservatorio Profesional de Música de Vigo. Tocou a coñecida sonata de Poulenc fantásticamente, e o xurado composto por Hugo Gómez-Chao Porta (compositor), Joaquín Barreira Pereira (organista) e Ilona Timchenko (pianista) non tiveron dúbida: Xosé Antón sería o representante galego na final nacional.

E abofé que atinaron, porque Xosé Antón se fixo ca final, e abraiou ao xurado e público reunidos o 6 de decembro en Madrid: Primeiro premio e mención ao mellor intérprete de vento madeira na XIV edición do Cetame Nacional Intercentros Melómano.

De novo un galego. E xa van cinco anos. Qué extraordinario talento atesoran os nosos alumnos e alumnas!

Podes ver as interpretacións dos e das finalistas en youtube:

[https://www.youtube.com/channel/UCRp-7YwGx3y73dz4j6\\_E7Vw](https://www.youtube.com/channel/UCRp-7YwGx3y73dz4j6_E7Vw)

**PD: A Seguinte edición está preparándose, rapaces e rapazas, en outubro nos vemos.**

## **CONCURSO DE BANDAS SONORAS**

O pasado 29 de abril de 2016, ás 19,30h , no Auditorio Municipal de Ferrol, celebramos a **V Edición do Concurso de Bandas Sonoras** organizado pola ANPA do CMUS Xan Viaño.

A verdade é que este ano batemos todos os récords : 18 grupos e casi 70 participantes en total que o fixeron de marabilla!!!

Como iso xa o sabiamos na ANPA, tiñamos regalos para todos os participantes: grazas á colaboración de **Clef Music, Mediamarkt, e ao Concello de Ferrol** . Todos os protagonistas do certame levaron uns auriculares, un chaveiro , un libro e un diploma como agasallo e recordo da súa participación.

Para tomar a dicífil decisión de quen o fixo mellor, contamos cun xurado de luxo: Unha antiga alumna do Xanvi, Alejandra Medín; tres pianistas macanudos: Natalia Lamas, Teresa Sánchez de Toca e Xosé Manuel Yáñez e o Concelleiro de Cultura, Suso Basterrechea.

Para presentar o acto contamos coa gran axuda doutra antiga alumna, Inés Amarelo, que conduciu o concurso apuntando maneiras de gran xornalista.

Despois de varias horas de boa música e mentres a Banda Profesional do Conser dirixida por Marcos, puña un broche de ouro á tarde de festa, o xurado deliberaba....

Finalmente os premios foron os seguintes:

### **GRAO ELEMENTAL :**

1º Premio: 25 euros + vale de 25 euros en material musical.

### **SEPTETO DE TROMBÓNS: “A GUERRA DAS GALAXIAS”.**

Irene Martínez Cabarcos, Nora López González, Uxío Muñiz Lazare, Laura Alonso Evia, Candela Rañal Parajo, Mario Reza Rodríguez e Lucía Montero Antón.

2º Premio: vale de 25 euros en material musical.

### **VIOLA, TROMBÓN E PIANO: “PIRATAS DO CARIBE”.**

Carla Martínez Cabarcos (viola), Jimena Omeñaca Bellón (piano), Irene Martínez Cabarcos (trombón).

### **GRAO PROFESIONAL :**

1º Premio: 150 euros + vale de 50 euros en material musical.

### **ENSEMBLE “SPIDERMAN” .**

Juan Díaz Marín (trompeta), Iago Díaz-Garzón Dopico (saxofón), Javier Dopico Villanueva (bajo), Santiago Bellón Carro (batería) e Martín Otero Ferrreira (piano e voz).

2º Premio: 100 euros + vale de 50 euros en material musical.

### **STRAUSS BRASS SEXTETO: “JURASSIC PARK”.**

Daniel García (tuba), Marta Fernández (trombón), Angela Ameneiros (trompa), Juan Díaz (trompeta) e Carlos Aguado (trombón).

3º Premio: 75 euros + vale de 50 euros en material musical.

### **VIOLÍN E PIANO: “IENDAS DE PAIXÓN”**

Pablo Nistal Liñares (piano) e Marcos castro García (violín)

4º Premio: 50 euros + vale de 50 euros en material musical.

### **CUARTETO DE CHELOS: “XOGO DE TRO-NOS”.**

Andrea Trillo, Eva Fernández, Iria Souto e Emma Urango.

5º Premio: vale de 50 euros en material musical.

## **DUO “BEETLEJUICE”**

Estela Codesal (piano) e Uxía Mesías (fagot).

6º Premio: vale de 50 euros en material musical.

## **OBOE, FAGOT E PIANO “DISNEY”**

Adela Cao Agenjo (oboe), Lara Díaz Ogorodnikova (piano), Sara Tenreiro Amado (fagot).

7º Premio: vale de 50 euros en material musical.

## **PIANO : “MOMMY”**

Pablo Nistal.

Ademais dende a Anpa , quixemos tamén ter un pequeno agasallo para os alumnos do Conserva-

torio que participaron no **V Certame Musical Eixo Atlántico** e no Concurso de piano organizado pola **SAF**, acadando uns magníficos resultados.

Noraboa a todos os gañadores e por suposto, parabens a todos os participantes xa que entre todos conseguimos pasar unha tarde estupenda na mellor compañía.

Reiterar o noso agradecemento a todos os patrocinadores e especialmente neste apartado a **Musical Cienfuegos, Ópera Prima e Musical Pontevedra**, que colaboraron xenerosamente con vales de desconto por valor de 400 euros en material musical. Grazas tamén aos profes do Conser que nos axudaron aportado a súa experiencia e os seus consellos na organización , e por suposto ao **Concello de Ferrol** que nos cedeu o Auditorio e colabora con nós sempre que llo solicitamos. Con gran afluencia

---

## **CONCURSO DE SOLISTAS**

---

Este ano celebrouse o 24 de febreiro no salón de actos as probas para tocar de solistas coa banda e orquestra do conservatorio. O tribunal estivo formado por Francisco San Ramón, Oscar López e Javier Lloréns.

O resultado das probas foi o seguinte:

María Fernández, gaita tocará “Rumba para Susi” para gaita y banda.

Pablo Rodríguez tocará “concerto para banda y saxo solista” de Ronald Binge.

Noreia Hermida tocará o “concerto para frauta traveseira e banda” de A. Waignein.

María Giraldez tocará o “concerto para clarinete” de Weber.



## SAF (SOCIEDADE ARTÍSTICA FERROLÁ)

Con gran afluencia de público celebrouse no Auditorio de Afundación na plaza da Constitución o VII Concurso de Piano Xuvenil da SAF-2016 Gregorio Baudot, no que alcanzaron os primeiros premios Carlos Julián Fernández Bollo, de Mugardos; Ana Pereiro Ezquerro, de Narón; y Carmen García Herva, de Cedeira.

Interviron no acto o presidente da SAF, Ricardo Díaz-Casteleiro Romero e o vicepresidente primeiro e delegado de música Miguel Brotóns.

Ao concurso presentáronse un total de 30 mozos de toda Galicia que viñan, entre outros lugares, de Ferrol, Narón, A Coruña, Mugardos, Santiago, Cedeira, Arteixo, Pontevedra, Culleredo e Fene.

O xurado compúxose por Miguel Brotóns, en calidade de presidente, Ricardo Blanco como secretario e Carolina Fernández, Javier Ares e Pablo Diago, como vocais.

Premiados (en **negrita**, os alumnos e alumnas do Xan Viaño)





Os premios corresponderon aos seguintes concursantes:

1ª CATEGORÍA:

**1º Premio: Carlos Julián Fernández Bollo. de Mugarodos**

2º Premio: Miguel Iglesias Lista

Iván Ruibal Seoane

3º Premio: María Vázquez Arjomil

2ª CATEGORÍA:

1º Premio: Ana Pereira Ezquerro, de Narón

**2º Premio: Beatriz Leonardo Labraña**

**3º Premio: Azael Gómez Vergaz**

Antonio Tostado San José

3ª CATEGORÍA:

**1º Premio: Carmen García Herva**

**2º Premio: María del Carmen García De Paredes Dupuy**

**3º Premio: Manuel Tostado San José.**

Os premios entregados consistiron en placas de prata e diplomas lustrados pola pintora delegada de arte da SAF, Corín Cervera.

## CERTAMEN MUSICAL DO EIXO ATLÁNTICO

O concello de Ferrol estivo presente este ano, por primeira vez, na V Mostra Musical do Eixo Atlántico, na que tomaron parte 18 municipios galegos e lusos que forman parte deste organismo interrexional.

A presenza da cidade Naval tivo lugar a traves do Conservatorio Profesional Xan Viaño, e mais concretamente, das tres alumnas do centro que foron seleccionadas polo propio Conservatorio

para o certame que tivo lugar entre o 23 e o 24 de Abril en Vilagarcía. Noreia Hermida (piano), María López Carballo (gaita) e María Lejuán (oboe), actuaron na categoría de menores de 13 anos, e no que resultou gañadora a alumna do noso centro Noreia Hermida.

**Noraboa aos premiados e aos participantes!!!**

# ENTREVISTA A:

Falamos coa nosa compañeira Teresa Sánchez de Toca despois da súa recén estreada xubilación.

## 1- Como afrontas esta nova etapa da tua vida?

¡Moi ben! Sorprendida incluso da rapidez coa que me adaptéi o meu novo estilo de vida...

## 2- Cántanos algo de como empezache os teus estudos musicais, a que idade comenzache, o teu primeiro profesor ou profesora, compañeiros que tiveche, onde se impartían as clases...

Pois, o meu comenzo nos estudos musicáis, poderíase decir que foi casual e alleo a miña vontade.

Ao meu pai encantáballe a música e na miña casa escoitábase moita música. E, cando eu tiña 12 anos, o meu pai aproveitou a chegada á casa dun piano herdado para poñerme clases de piano.

A miña primeira profesora foi Conchita Armesto. Por aquela época as clases eran individuais e, ou viña a profesora á casa ou íbamos nos á súa, non tiñamos compañeiros, e examinábase por libre no Conservatorio da Coruña. Cántanos como era o plan de estudos daquela época. Facíanse concertos? O plan de estudos era o plan do 42. Non había o ambiente musical que hai hoxe en día. Só había Conservatorio en Coruña.

A miña seguinte profesora foi Jeny Romero, e con ela algunha vez facíamos un concerto-merenda pero non era frecuente. No sétimo ano de carreira matriculeime como alumna oficial do Conservatorio da Coruña dándome as clases Mercedes Goicoa coa que finalicei os meus estudos.

## 3- Cómo ves a evolución dos Conservatorios desde o principio da tua vida laboral ata hoxe en día.

Moi grande e moi favorable. Eu comencéi dando cla-

ses de Solfexo, hoxe Linguaxe Musical, e de Piano.

Enton non había tope de idade, estaban mezclados nenos e adultos. Tampouco se tiña en conta o número de alumnos na aula, había grupos de máis de cuarenta persoas en Solfexo e as clases eran de 45 minutos. As clases de Piano eran de moi poucos minutos á semana, variaban según o curso, a medida que o curso era máis avanzado había dous ou tres minutos máis de clase. Todo isto era un pouco estresante.

A os alumnos mais pequenos encantáballes ir a clase cos maiores, pero os maiores demandaban protagonismo e as veces non os deixaban apenas participar, enton eu dicíalles que me iba a centrar nos pequenos, porque realmente eran eles os que non sabían nada de música e advertíalles que “en breve os pequenos vos darán mil voltas”, e non fallaba.

## 4- Crees que cambiou o perfil do alumnado dos conservatorios?

Sí con respecto ó alumnado adulto que hoxe en día non pode iniciarse na música nun Conservatorio, case todos eles viñan por afición, sabían que pola idade non podían aspirar a facer carreira pero, a maioría, tomábanse as clases en serio resultando ser moi bós alumnos.

En canto ós pequenos pouco máis ou menos era como hoxe en día.

O que variou realmente é o sistema de ensino. Naquela época os alumnos escollían as materias que querían facer cada ano, non eran cursos completos coma na actualidade, tampouco había tope de permanencia no Centro .

Nesa época os profesores só podíamos dar as calificacións de aprobado e suspenso, e si o profesor vía que un alumno podía sacar mais nota, entón o examinaba un tribunal, en A Coruña.





# TERESA SÁNCHEZ DE TOCA



## 5- En que momento viche que a música podería ser o traballo da tua vida?

A música gustábame, pero ser profesora de piano non me chamaba a atención. Por aquela época estaba preparando oposicións para outros traballos, a música era algo secundario para min. Cando empecei a dar clases particulares, empecei a interesarme mais pola música e darlle máis importancia. A cantidade de alumnos particulares medraba e cada vez via mais posible poder gañarme a vida con este traballo. O remate final foi cando me chamou Groba para propoñerme dar clases nunha filial que quería abrir en Ferrol coa axuda da Asociación das Amas de Casa de Ferrol.

## 6- Contanos os comezos da filial

Nasceu o 5 de Febreiro de 1980. O primeiro ano estaba eu sola, comencei con 150 alumnos de 1º de Solfexo e daba as clases no local do Toxos e Froles, na calle do Sol os martes e venres, empezaba as 16:00 h. ata terminar.

Estiven sola 4 anos. Cheguei a ter 250 alumnos a meu cargo.

Ao quinto ano, viñeron Jeny Romero y Conchita Armesto (profesoras de Coruña), que repartieron o seu horario entre o Conservatorio de A Coruña e a Filial do mesmo en Ferrol. Máis adiante empezaron a vir máis profesores: José Luis Evangelista de Armonía, Rodolfo García de Guitarra, M<sup>a</sup> Carmen Fanego de Piano, etc.

Ata que no ano 1990 a Xunta absorveu o Conservatorio de A Coruña, pero as Filiales que estaban fora da cidade non. Foi unha época difícil na que os profesores que traballábamos nas Filiales tivemos que loitar polo noso posto de traballo.

Ao final a Filial de Ferrol pasou a ser un Conservatorio Municipal.

## 7- ¿Qué mensaxe lles mandarías aos nosos estudantes do Xan Viaño?

Pois eu diríalles que aproveiten a gran sorte que teñen de ter unha hora de clase individual, de non ter que asistir a clases colectivas masificadas, poder facer audicións, etc., así coma do privilexio de poder realizar os seus estudos nun centro da categoría profesional e humana do Conservatorio “Xan Viaño”.

E para terminar voules regalar estas dúas citas de dúas grandes personalidades mundiáis que aínda que non foron músicos sí amaron a música:

*“Si no fuera físico, sería probablemente músico. Pienso a menudo en música. Vivo mi sueño despierto en música. Veo mi vida en términos de la música... Consigo la mayoría de alegrías con la música.”*  
(Albert Einstein)

*“Sin la música la vida sería una equivocación.”*  
(Friedrich Nietzsche)



# ENTREVISTA A:

## O NOVO XEFE DE ESTUDOS

### 1 -Como está transcorrendo este primeiro ano de xefatura??

Desde sempre era consciente da dificultade do posto, dada a gran responsabilidade que conleva. Nos catro anos anteriores, nos que fun Coordinador de Grao Elemental, tiven unha gran “mestra” como foi Ermitas e que me ensinou moitas cousas de burocracia e dos diferentes xeitos de actuar cara a xente (compañeiros/as, pais/nais...), entre outras aspectos; grazas a ela e ao resto do Equipo Directivo, levo este ano o mellor que poido, xa que ás cargas implícitas no cargo son duras, e hai que engadirlle os diferentes obstáculos que xurden, pero o feito de ter a Paco, Marcos e Iria, que teñen gran experiencia nos postos directivos e a incorporación de Águeda, ademais de ser grandes profesionais, fixo que se levara o posto moito mellor, xa que a axuda dos compañeiros/as do Equipo é moi importante.

### 2 -Que nova visión do conservatorio che da o cargo?

Xa tiña unha visión moi clara en xeral porque, como che dixen antes, ao ocupar o cargo de Coordinador de Grao Elemental e compartir as experiencias do Equipo Directivo, fixo que tivera moitas cousas claras. Non foi un cambio duro, no que a visión do centro se refire.

### 3 -Que cousas teríamos que mellorar como centro e que cousas críticas constructivamente do sistema educativo??

Como Centro teño moitas cuestións para todos os membros da Comunidade Educativa e son difíciles de reseñar nun artigo, ademais de ser temas que debemos falalo nos seus respectivos lugares (Claustros, Consello...) e todas as partes implicadas deste Centro como Comunidade Educativa deben aportar o seu grao de area...

Respecto ao sistema educativo e un tema moi complexo... Habería que educar a sociedade en xeral en



# ENRIQUE AGRELO

muitos temas, debatir leis... son moitos frentes... É para facer unha tesis... Horario escolar, profesionalidade, formación dos docentes... demasiados temas. Si falamos dos aspectos legais, pouco podemos facer dende o momento que os lexisladores non preguntan aos que fan o traballo diario, é dicir, aos que estamos nos Centro... a min dame esa impresión; quédanos aportar polas vías que nos quedan...

#### **4- Describenos brevemente o proxecto que a directiva ten para este centro.**

As metas son moitas e temos que ir pouco a pouco... O feito de “exteriorizar” o Centro a través das agrupacións, seguir traballando para que o alumnado teña posibilidades de estudar noutros Centros Superiores, intercambios... son aspectos que fan do Centro un lugar de referencia na contorna xeográfica e local. A gran meta é a consecución de logros que conleven unha gran mellora na educación do alumnado pero por moito proxecto que teñamos e por enriba deste, existe unha Comunidade Educativa que debe remar no mesmo sentido e aportar ideas para obter o éxito nas nosas metas individuais e colectivas e para isto, o Equipo Directivo ten as portas abertas a todo tipo de suxerencias, ideas constructivas... que poidan axudar a mellorar o noso Centro.

#### **5- Cal é o papel do xefe de estudos nun centro educativo como o noso.**

Poderíache remitir ao ROC (Regulamento Orgánico de Centro) (risas)... O Xefe de Estudos ten un papel burocrático, organizativo, responsabilidade... e tamén outros que non veñen especificados en ningún lado como é o papel de “psicólogo”, naqueles casos que así é procedente actuar daquel xeito. É o cargo moi exposto e que debe ter unha relación fluída con todas as partes de Comunidade Educativa.

#### **6- E por último, cal é o papel que esta xogando o conservatorio na cidade e como se podería mellorar en caso de que así fose.**

O Centro sempre tratou de estar en contacto coa cidade e co contorno, sempre aberto a suxerencias de todas as partes... Na actualidade, agrádese a volta o diálogo e colaboración máis estreita con Concello de Ferrol, xa que redundará nunha mellora dos servizos ofertados polo Conservatorio cara ao alumnado e a cidade gaña tamén, xa que poñemos o seu nome no mapa a través dos diferentes invitados aos concertos, cursos... dado que son persoas de talla nacional e/ou internacional. Debemos seguir traballando con Concello e con todas as entidades culturais, educativas... da contorna para unha gañancia de todas as partes implicadas.

---

# QUÉ FOI DE...?

---

## ISABEL CUPEIRO

Por Emma Urango

### A que idade empezache a estudar música?, Por qué escolliche o violoncello?

Comecei a estudar piano aos 8 anos nunha pequena escola de música. Un ano máis tarde fun facer as probas de acceso ao Conservatorio de Ferrol, mais ese ano non se ofertaron prazas para estudar piano, entón lémbrome de ir con miña nai a unha tenda de música e ver un violoncello e pensar: “eu quero ese que é o máis grande”. Polo visto non tiñan contrabaixos na tenda ese día...

### Lébraste dos teus primeiros profesores?, cóntanos alguha anécdota que non vas a esquecer nunca.

Lémbrome de tódolos meus profesores de instrumento. Lémbrome das primeiras clases cando aínda non comprara o meu primeiro violoncello, de comezar a cantar coa miña profesora nesa altura, Rosa Cedrón. Con Juan A. Almarza lémbrome de tocar no ensemble de violoncellos, tal vez foi a primeira vez que toquei nun grupo e a día de hoxe é o que máis me gusta facer, sentirme parte dunha sección de violoncellos. E con Emma Urango, lémbrome de tódalas audicións e tódolos concertos que toquei. Sair ao escenario e mirar para o fondo do auditorio onde sempre estaba ela dándonos ánimo.



### Como che resultou compaxinar o Grao Profesional có instituto?

Para min non foi moi difícil. Aproveito mellor o tempo cando teño moitas cousas para facer, aínda que algunhas veces tamén me agobio, como todos. É ademáis cando estaba en 4º de Grado Profesional de violoncello, pasei as probas para 1º de Grado Profesional de Piano. Xa sabía tocar un pouquiño e entráronme ganas de aprender máis.

Igual foi un pouco máis difícil para meus país, que sempre andaban a correr para levarnos a min e miña irmá a tódolas clases. Estudar no instituto e no conservatorio á vez, pode ser complicado porque é moito traballo e non tódalas persoas están dispostas a facelo esforzo, mais todo esforzo ten a súa recompensa.

### Cómo foi a experiencia en Oviedo?

En Oviedo sí tiven moito traballo. Compaxinar tódolos horarios das clases de dous instrumentos máis a Universidade era unha loucura total. Sempre digo que conseguí estudar todo porque estudaba o que eu quería e o que a min máis me gustaba. Non podería estudar unha carreira que non me gustase. O peor era ter prácticas na Universidade... eran obrigatorias e tiña que ir sí ou sí, pero sempre coincidían os horarios das prácticas con clases no Conservatorio, entón tiña que andar a correr sempre de un edificio para o outro, e estaban a 30-40 minutos de distancia.

A persoa que máis me axudou meses anos foi sen lugar a dúbidas o meu profesor de violoncelo, Vigen Sarkissov, sempre disposto a traballar, e entregándose 100% aos seus alumnos. Facíame estudar moito, porque quería que aprendese todo o posible, e a día de hoxe estou moi agradecida por todo o que me ensinou.

### Solicitache Programa Erasmus ou fixeche máster ou postgrado? Cántanos onde e con qué profesores.

Non solicitei Erasmus. Era moi difícil que me concedesen Erasmus das dúas carreiras á vez, na mesma cidade, entón se marchaba para estudar un ano nun Conservatorio fóra de España, perdía un ano na Universidade, e se pedía para a Universidade, perdía un ano no Conservatorio...Entón pensei que mellor estudar todo en Oviedo e ao acabar marchar ao extranxeiro a facer una Máster, e foi o que fixen. Cando acabei en Oviedo fun para Anvers, Bélxica, a estudar Master en Música, especialidade violoncello, coa profesora France Springuel, laureada do Concurso Tchaikovsky de Moscú.

### Fixeche probas á Orquestra Mundial, que pasou?

Sí, eu fixen probas para a Orquestra Mundial, e de entre tódolas persoas que se presentaron quedei de terceira e fun de xira con eles en varias ocasións, entre elas unha xira en Sudáfrica que foi unha experiencia fantástica. Aínda continuo na Orquestra e hai rumores de ir este ano a Brasil, oxalá sexa pronto porque teño moitas ganas.

Eu animo sempre a tódolos músicos novos a facer probas para orquestras xoves, apréndese moitísimo, e coñeces moitas persoas. Onde máis anos pasei foi na OJSG, a Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, casi 6 anos onde tiven clases con os violoncellistas da Sinfónica de Galicia, Rouslana Prokopenko, David Etheve, Gabriel Tanasescu, Berthold Hamburger...e de eles e tódolos demáis grandes músicos de esa orquestra aprendí moitísimo. É un proxecto magnífico e estou totalmente agradecida polos anos que alí pasei e a dedicación que mostran os profesores.

### Onde traballas e vives actualmente?

Dende hai dous anos que gañei a praza traballo como violoncellista na Orquestra do Norte, que ten a súa sede en Amarante, Portugal, onde vivo actualmente.



## **SERGIO SANDE**

Por Pablo Salgueiro

### **1. Como é por qué te iniciaches na música?**

Cando era un rapaz, o meu pai levaba no coche o Brothers in arms dos Dire Straits, e nel había un tema (o Money for nothing) no que eu ía petando no asento cada vez que o poñía. Cando me veu, preguntoume se quería ir ao conservatorio, e aquí estamos.

### **2. Cando decidiches que querías ser músico profesional, apoioute a túa familia, amigos e profesores?**

Por unha parte, os profesores sempre me apoiaron e para os meus amigos sempre fun “o músico”, polo que todo foi moi natural. Da outra parte, na casa ao principio teño que dicir que custou un pouco: sempre fun bo estudante e parecía que dedicarme á música significaba deixar de lado unha boa carreira universitaria (a música tamén o é!!). Pero tiña a miña decisión tan clara que non dudaron en apoiarme

### **3. Por qué decidiches estudar en Amsterdam finalmente? Pensaches noutras opcións?**

Amsterdam gustoume obviamente polos profesores, porque o nivel dos estudos no Conservatorio é moi alto, destacando sobre todo a parte de orquesta; pero tamén pola cidade, polo ambiente cultural que hai aquí e porque xa a primeira vez que vin, a pesar de non coñecer a ninguén sentíame moi cómodo.

### **4. Cántanos un pouco como é o Conservatorium van Amsterdam: que especialidades instrumentais hai, que estilos de música se dan, etc.?**

O CvA é unha das sete entidades que forman parte da AHK (Escola de Artes de Amsterdam). Nel hai tres ramas principais (clásico, jazz e pop), dúas das cales son impartidas no edificio do Conservatorio (somos tantos alumnos que a especialidade de pop é impartida noutro edificio!): a variedade instrumental é increíble. Camiñando polos corredores do piso

6 (onde están as aulas de percusión) podes escoitar dende un tema de Chet Baker tocado por un combo de jazz; un ensemble ensaiando Stravinsky; ou un clave e unha frauta de pico improvisando xuntos.

### **5. Como o campo da percusión e tan ampla e pódense tocar multitude de estilos ti cal estás a estudar e por qué? Cantos profesores de instrumento tes?**

Eu estou a estudar o Bachelor (que sería o Grao Superior en España) de Percusión, e ata chegar aos estudos de Máster, a especialización completa -ben cara a carreira solística ou ben cara os estudos orquestrais- non é posible. Os percusionistas deste Conservatorio somos moi privilexiados: entre láminas, caixa, timbais, etc. temos 8 profesores! Grazas a iso, a nosa formación musical é moi completa: marimba, set-up, percusión africana...

### **6. Que é o que máis che gusta de estar en Amsterdam e que é o que máis botas de menos de Galiza?**

O que máis me gusta deste país é a diversidade cultural e o aberta de mente que é a xente. Por outro lado, a pesar de seren unha cidade bastante grande e na que podes atopar calquera cousa que precisas, o feito de que todo o mundo se desprace en bicicleta fai que non haxa esa sensación de estrés constante que podería haber nunha cidade cargada de coches.

O que máis se bota de menos é, aínda que pareza un topicazo, a familia e os amigos, porque se pasan tempadas moi longas sen voltar á casa. De Galiza boto en falta as montañas e dende logo, o mar (e o churrasco que prepara meu pai!).

### **7. Fas deporte de maneira regular? Cal? Crees que é importante para un músico? Cal lle recomendarías?**

Antes de chegar aquí entrenaba triatlón como amateur, pero cando cheguei a Holanda, entre o tempo necesario para adaptarme e as horas de estudo necesarias tiven que deixar o deporte un pouco de lado. Agora, xa máis estabilizado, intento ir ao ximnasio a facer bicicleta ou correr tres ou catro veces por semana. A miña recomendación é sen duda correr: é barato, pódese facer en calquera sitio, a calquera idade, ponte de bo humor...

### 8. Entón, como é o día a día de Sergio Sande en Amsterdam

Normalmente os días son bastante longos: erguerse cedo, ducha, almorzo e coller a bici pra o Conser. Varios días da semana temos alguna clase teórica pola mañán, pero como chegamos cedo, aproveitamos para estudar un pouco antes. Horario holandés: á unha todo o mundo comendo. Despois a seguir estudando, clase de instrumento, ensaios... Á noite ao saír, normalmente vou entrenar. Ao chegar a casa: ducha rápida, cear, preparar a comida para o día seguinte e por fin a durmir.

### 9. Cales son os teus obxetivos ou metas a curto e medio prazo?

O que máis me motiva agora mesmo é a idea de comezar a facer probas para orquestras xoves internacionais no próximo curso, para o que quero ter unha base sólida con todos os coñecementos adquiridos nestes (case) dous anos.

### 10. Cal é o soño que che gustaría chegar a realizar?

Quero ser director de orquestra.

### 11. Cal é a frase ou idea que máis te motiva nos teus días malos (se os tes)?

Gústame moito unha frase de Confucio que di: "Aquel que di que pode e aquel que di que non pode, ambos teñen razón".

### 12. Que recordos tes do Xan Viaño? Cántanos un pouco, como foi o teu paso por el? Que recordos bos tes? Que idea tes agora del?

Teño moi bos recordos do centro. O certo é que os

dez anos que estiven no "Xanvi" pasáronme moi rápido, e gardo moitas boas memorias de concertos, clases, profes, amizades e unha morea de bos momentos. Está claro que non todos os días foron bos, pero deses gardo o que aprendín e toda a xente que me axudou no camiño, sobre todo cando a cousa non ía de música.

Agora en Amsterdam, o que boto de menos é o ambiente familiar que tendes aquí, aínda que hai moitos españois e iso axuda moito coa morriña!

### 13. Segues mantendo o contacto con antigos compañeiros? E con profesores?

En ámbolos casos si. Tiven a sorte de dar con xente coa que fixen moi boa amizade non só dentro do Conser, que agora se mantén.


### 14. Que consellos lles darías os alumnos do Conservatorio Profesional Xan Viaño de Ferrol que están pensando en adicarse á música?

Diríalles que estudar música é como correr unha maratón, é un camiño longo que dura toda a vida: que disfruten todos os pasos. E moito ánimo, que os soños con traballo e perseverancia -por manido que sone- rematan por cumprirse!

### 15. E xa para rematar algunha anécdota graciosa dos teus primeiros días en Amsterdam (xa sexa polo idioma ou por costumes do país)?

O que normalmente lle pasa a todo o mundo é que, no caso dos homes, cando coñeces a unha rapaza e a queres saudar dándolle dous bicos, ela queda quieta, mírate raro e dache a man.

Moitas grazas!!!!



## SIMÓN PAZOS

Experiencia no estranxeiro: Adelaide, Australia

Meu nome é Simón e son exalumno do Conservatorio. Fai tres anos, miña familia e mais eu emigramos a Adelaide, no Sur de Australia. A imaxe que un se pode facer de tal sitio sen dúbida inclúe praias kilométricas, surf, calor, koalas e canguros. En verdade, Adelaide é unha cidade moderna e culturalmente diversa que inclúe o mencionado entre os seus atractivos turísticos ademais dunha oferta vibrante no relacionado ás Artes e o Entretenimento e moitas posibilidades laborales. A pesar de que a súa dispoñibilidade estea menguando, existen numerosos programas internacionais de corto e longo prazo tanto no relativo á educación superior como ao traballo.

A educación pre-universitaria embarca dende o ano 1 ata o 12 de tal xeito que do 1 ao 7 se cursaría a Primaria e do 8 ao 12 se correspondería coa ESO e o Bachelarato. En moitas escolas se ofrece o ano 13, que serve para aqueles que se atopan indecisos en canto ao que facer na Universidade e queren ampliar o seu coñecemento. Tamén é común tomarse un ano sabático ou “gap year” pra coñecerse mellor a un mesmo, traballar pra ganarse a independización económica ou viaxar.

Algo que me era descoñecido á miña chegada a Adelaide era a ausencia de Conservatorios profesionais. As escolas secundarias tenen a música xa integrada nos seus programas, de tal maneira que



Elder Conservatorium of Music

nos anos 8 a 10 pódese escoller ata dous instrumentos cuxa aprendizaxe se acompaña por tuición oral e teórica ademais do estudio das asignaturas obrigatorias. Ao chegar a ano 11, a diferenza de optar por Ciencias Puras, Tecnolóxicas ou Letras, as combinacións de asignaturas se realizan libremente sen que haxa cursos preestablecidos, se ben se deciden en sesións de orientación no término do ano.

No respectivo ás clases de música, faise menos fincapé no solfeo e máis no análise, o recoñecemento oral de instrumentos, temas, variacións e figuras como ostinatos mediante a escoita de distintos tipos de pezas, a identificación da forma e, xa en cursos máis avanzados, a armonía e a dicción musical. Do mesmo xeito que as audicións no Conservatorio, adóitanse realizar tres veces por ano eventos nos que participa todo o instituto nos cales os estudantes presentan as súas pezas.

A primeira metade do ano 12 dedícase ao estudo do currículo e a segunda á preparación do exame final, o cal conta un 70%. Isto ocorre sobre todo mirando aos exames de anos anteriores, aos cales se pode acceder gratuítamente online. Creo recordar que o máis antigo que fixemos foi do ano 1996, cando a normativa cambiou. Grazas a este enfoque, os estudantes pódense facer unha idea do formato do exame pra aproveitar as 3 horas ao máximo. O descrito foi a asignatura teórica. Existen outras, máis enfocadas á historia e ao análise de pezas en particular, tales como o “Mesías” de Handel, as cancións de Schubert ou o ballet “Petruška” de Stravinsky, as cales non só requiren de exame final senón tamén da redacción de ensaios que adoitan ter límites de palabras. A edición de tales ensaios é, na maioría das veces, máis complexa que a súa propia escritura. En canto ao instrumento, débese preparar un programa dun total de 15 minutos que debe de incluír tres pezas de estilos contrastantes, por exemplo, unha fuga de Bach, un movemento de sonata de Mozart, Haydn ou Beethoven e unha Polonesa de Chopin seo teu instrumento é, como o meu, o piano. O exame que se realiza pra a selectividade é distinto do da entrada ao Superior, se ben se pode levar o mesmo repertorio. A proba consiste ademais dunha escala e arpegio así como dunha repentización. Unha vez na Universidade, as asignaturas funcionan de maneira similar ao instituto.



O grado ten unha duración de tres anos. Se espera que os estudantes practiquen o repertorio 3 horas ao día como mínimo, ademais de atender as lecturas emasterclasses e facer os deberes das demais asignaturas. En primer ano hai unicamente cinco, dúas das cales son de interpretación, o cal significa que, dúas veces por semestre cada estudante ten a oportunidade de presentar as súas pezas á clase amén de recibir feedback. A teoría non é excesivamente complexa. Os músicos pois teñen maior liberdade pra perfeccionar a súa técnica e pulir as súas pezas, a pesar de que tal tempo poida ser desaproveitado.

No programa tamén hai un semestre dedicado ao estudo e escoita de pezas clave do período da práctica común, así como a redacción dun ensaio facendo análise de dúas pezas dun compositor de libre elección. Quizais a asignatura con máis valor é aquela chamada Keyboard Musicianship, na cal os pianistas temos oportunidade de improvisar, compondor cadenzas, preludios e cancións ou lieder ademais de traspor e facer reducións do noso repertorio. Grazas a todo isto, un alcanza un entendemento moito máis profundo do que toca, o cal axuda e adereza a interpretación.

Cabe destacar que a Universidade experimentou moitos recortes últimamente debido á gran débeda que posúe co Goberno, os cales danaron as artes de maneira significativa e peligrosamente permanente. Así e todo, Adelaida é unha cidade que ten a sorte de atraer a moitos talentos musicais contemporáneos: en 2015 fomos visitados por artistas internacionais da envergadura de Benjamin Grosvenor, Garrick Ohlsson, Olli Mustonen, Ingrid Fliter, Jean-Efflam Bavouzet y Nikolai Demidenko, todos coincidentemente pianistas. Ademais, a Orquesta Sinfónica de Adelaida adoita presentar grandes obras como 'O Sono dunha noite de Verán', de Felix Mendelssohn, a 'Sinfonía Inacabada' de Schubert e o Segundo Concerto pra piano de Rachmaninov. A noite de apertura este ano incluírá o concerto

pra violín de Beethoven e o primeiro acto de Die Walküre. A Orquesta de Cámara e o carteto de corda de Adelaida, así como a retransmisión de interpretacións das óperas da Met no cine aseguran un moi respectable paisaxe no respectivo á música clásica.

Pra rematar este pequeno viaxe ás Antípodas, gustaríame recalcar a importancia do rol do profesor na educación musical así como desmitificar unha redundancia aceptada. Se ben é certo que moitos de nós, aspirantes a músicos, tendemos a descubrir, segundo avanzamos, que nada se vai presentar en bandexa de prata, que como dicía Juan Palomo, 'yo me lo guiso, yo me lo como', dende logo é crucial ter un bo profesor. Non desexo que se me

malinterprete, xuzgo o ensaio como vital e o teño en alta estima, pero en verdade ese tempo pode ser incluso máis perxudicial que beneficioso (segundo aprendín, 'practice doesn't make perfect, perfect practice makes perfect'), esto todo a menos que unha vez á semana, non haxa alguén con moito saber elocuencia que poña en palabras aquilo que ti, aínda



*Elder Hall, no que se realizan concertos semanais.*

en período de xestación, unicamente intúes. No relativo ao segundo punto, a pesar de que pintara unha imaxe no xeral amable de Australia, nada é tan bonito como o facemos, e dende logo este lugar non merece o pensamento 'sempre asemexa que o que vén de fora é mellor que o noso'. No só non é certo, senón que é perxudicial e despreciativo dos nosos esforzos realizados día a día, nosa cultura e nosa forma de ser. Dicindo isto, querería destacar a labor titánica exenuina desempeñada polo conservatorio Xan Viaño de Ferrol, o cal recordo coa máis profunda nostalxia, co cal estou na maior das deudas e ao cal sempre regreso coa maior anticipación. Un saúdo dende 'Down Under'.

Adelaida a 11 de Febreiro do 2016



